

A TRANSVERSALIDADE NO CURRÍCULO: PREVENCIÓN DE ALCOHOLISMO E TABAQUISMO EN ESCOLARES GALEGOS

Luis Miguel Nogueiras Mascareñas
Jose Amador Delgado Montoto
María Luz Díaz García
Xose Ramón Fernández Vázquez
CEFOCOP de Ourense

A investigación que presentamos é o resultado do traballo do "**Seminario Permanente de Educación para a Saúde na escola**" de Ourense. O noso obxectivo consiste en estudar os hábitos de consumo de tabaco e alcohol do alumnado de primeiro ciclo de Educación Secundaria Obrigatoria; e unha vez coñecidos promover hábitos saudables e eliminar os insáns mediante a aplicación dun programa preventivo.

As **conclusións** máis relevantes da investigación foron as seguintes:

- a) Resulta alarmante o incremento experimentado no consumo de tabaco e alcohol en escolares do primeiro ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria.
- b) Existe unha falta de preparación específica no profesorado de ESO (1º ciclo) en Educación para a Saúde, e concretamente no campo da prevención de alcoholismo e tabaquismo. Pensamos que a prevención do consumo de tabaco e alcohol debe estar integrada no marco da Educación para a Saúde e transversalizada en tódolos contidos curriculares habituais, e incluída nos *Proxectos Educativos e Proxectos Curriculares de Centro*.

O PUNTO DE PARTIDA

A Educación para a Saúde constitúe unha das áreas transversais da Reforma do Sistema Educativo. No Deseño Curricular Base da Educación Secundaria Obrigatoria (Decreto 78/1993 do 25 de febreiro; DOG, 2-IV-1993) defínense, entre outros, o seguinte **obxectivo xeral de etapa**: "coñecer e comprender os aspectos básicos do funcionamento do propio corpo e das consecuencias para a saúde individual e colectiva dos actos e das decisións persoais, e valora-los beneficios que supoñen os hábitos do exercicio físico, da hixiene e dunha alimentación equilibrada, así como levar unha vida sá".

Dentro destes parámetros sitúase a nosa investigación.

A experiencia educativa que presentamos xurde como resultado do traballo levado a cabo polo "**Seminario Permanente de Educación para a Saúde na escola**" de Ourense, que ven funcionando dende o curso académico 1992-1993 constituído por seis profesores e profesoras que exercen o seu labor docente en centros educativos de ensino primario das provincias de Ourense e Pontevedra. Trátase, polo tanto, dunha experiencia de carácter interprovincial.

O traballo ó que facemos referencia pretendía estudar e analiza-los hábitos de consumo de tabaco e alcohol en escolares do primeiro ciclo de Educación Secundaria Obrigatoria. Para iso, resultaba imprescindible coñece-la situación socioambiental, familiar e escolar do alumnado destes niveis educativos.

Na provincia de Ourense seleccionamos cinco centros (tres ubicados no ámbito urbano e dous no medio rural) e na de Pontevedra dous (ambos enclavados nun entorno rural):

- a) Colexios da provincia de Ourense: CEIP "Manuel Sueiro", Colexio "Luis Vives", CEIP "O Couto", CEIP de Ribadavia e CEIP de A Merca.
- b) Colexios da provincia de Pontevedra: CEIP Comarcal de A Cañiza e CEIP de Forcarei.

As *características socioeducativas* que definen ó alumnado dos centros mencionados son as seguintes:

1.- Alumnado de centros urbanos:

Baixo esta denominación agrupamos un colectivo humano procedente de familias de nivel socioeconómico e cultural medio baixo nunha porcentaxe elevada; tratándose nalgúns casos de emigrantes retornados. Cómpre salientar que moitas das familias citadas residían anteriormente en pobos próximos á capital provincial.

2.- Alumnado de centros rurais:

Na súa maior parte proceden de familias con nivel socioeconómico e sociocultural baixo (aínda que tamén existen algunhas excepcións). Trátase de zonas educativas definidas por indicadores socioeconómicos moi específicos: baixo nivel de renda, poboación envellecida e dependente na súa maior parte do sector primario.

Lóxicamente, estas condicionantes socioeconómicas teñen o seu reflexo directo no ámbito educativo, provocando determinados efectos colaterais: a existencia de altas porcentaxes de fracaso escolar, abandonos prematuros da escolaridade obrigatoria, elevadas taxas de repetición de curso, índices estatísticos sensiblemente máis baixos na superación do ensino primario completo, etc.,

A mostra escollida na investigación abrangue un total de 295 alumnos: 150 rapaces e 145 rapazas. Do colectivo citado, 160 proceden de centros urbanos e 135 de zonas educativas rurais.

Para coñece-la situación socioambiental e familiar do alumnado destes niveis educativos sobre o consumo de tabaco e alcohol deseñamos e aplicamos un *questionario de avaliación* (avaliación diagnóstica) coa finalidade de recabar información exhaustiva e veraz sobre a temática investigada.

Os **resultados** máis salientables foron os que siguen:

- a) Existen diferencias apreciables entre o consumo do tabaco e do alcohol en escolares de 1º e 2º da E.S.O. sendo este último moito máis consumido nestas idades (12-16 anos) que a primeira das substancias.

- b) As bebidas alcohólicas máis consumidas habitualmente polos alumnos e alumnas son a cervexa, a sidra e o viño (por esta orde).
- c) Existe un maior consumo diario de alcohol e tabaco nos pais e nais do alumnado do medio urbano. Se temos en conta as dúas substancias, o consumo de alcohol é algo máis elevado. Entre as bebidas consumidas polos pais destaca o viño, seguido da cervexa e dos licores.
- d) Polo que respecta ás nais, aprécianse notables diferencias no consumo tanto de alcohol como de tabaco en relación cos pais: o consumo destas substancias é moitísimo menor. En canto ás bebidas máis consumidas, coinciden plenamente coas dos pais e nais.
- e) A influencia do "grupo dos iguais" é moi importante: parece que o consumo de tabaco e alcohol se inicia nestas idades; como se pon de relevo no feito de que un 44% dos amigos e amigas fume ás veces e unha porcentaxe en torno ó 54% beba ocasionalmente. As bebidas máis consumidas entre os "iguais" son a cervexa e a sidra. As análises efectuadas amosan un maior consumo de licores nos ámbitos rurais.
- f) O alumnado entrevistado manifesta que fumar perxudica a saúde; sen embargo, cren que o alcohol é dañino tan só cando se consume en grandes doses. Esta aseveración pode ser explicada polo feito que tanto na publicidade de tabaco (a través de xornais e revistas) como nos propios paquetes aparecen sobreimpresionadas mensaxes do tipo: "as autoridades sanitarias advirten que fumar perxudica seriamente a saúde", ou "as autoridades sanitarias advirten: fumar provoca cancro".

O PROGRAMA PREVENTIVO

Unha vez identificada, avaliada e coñecida a situación inicial da nosa investigación, decidimos deseñar e aplicar un Programa de prevención de alcoholismo e tabaquismo nos sete colexios descritos. Ademais, e tendo en conta que algúns membros do Seminario coordinaban *departamentos de orientación* dos centros citados, solicitamos a colaboración das profesoras e profesores titores do alumnado para aplicar e experimentar o Programa en cuestión; traballo que aceptaron a maior parte de bó grao.

O Programa deseñado está perfectamente estruturado e temporalizado.

No mesmo incluímos os obxectivos que pretendemos acadar, os contidos (conceptuais e actitudinais), as actividades, os materiais utilizados, e o proceso de avaliación empregado (criterios, técnicas e instrumentos):

A) Obxectivos:

- Estimular entre o alumnado a adquisición de hábitos saudables eliminando os insáns.
- Provocar actitudes positivas ante a tendencia actual de defensa e promoción da saúde.
- Incorpora-la Educación para a Saúde nos currículos das diferentes áreas educativas do primeiro ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria.
- Adquirir unha actitude autocrítica e reflexiva sobre o consumo de tabaco e alcohol, así como no inicio do consumo.
- Provocar actitudes críticas ante a publicidade xerando mecanismos de defensa.
- Aportar suxerencias e instrumentos para facilitar ó profesorado o traballo na aula.

B) Contidos:

Incluimos un número maior de contidos procedementais e actitudinais fronte ós conceptuais.

B.1. Contidos conceptuais:

- O problema do alcohol e do tabaco: os seus efectos sanitarios, psicolóxicos, físicos e sociais.
- Estudio dos factores individuais, familiares e sociais que estimulan o seu consumo.
- Publicidade e lexislación.

B.2.) Contidos actitudinais:

- Actitude responsable e crítica ante as suxerencias do consumo de tabaco e alcohol comprendendo que supoñen un atentado contra a saúde persoal e colectiva.
- Valora-los efectos negativos que teñen sobre a condición física os hábitos do tabaco e do alcohol.
- Solidariedade coas persoas que padecen enfermidades asociadas ó consumo do tabaco e do alcohol.

C) Actividades (para as distintas áreas curriculares):

Trátase de actividades baseadas non só nos efectos negativos destas drogas, senón que a nosa pretensión é moita máis ampla. E dicir, intentamos crear situacións que posibiliten unha aprendizaxe significativa no alumnado.

Enumeramos algunhas:

- Análise da publicidade a través dos artigos de prensa.
Estratexias: comentarios, debates, táboas redondas, reflexións, análise crítica.
- Análise estatístico das enquisas.
- Elaboración de gráficas.
- Traballo de investigación: seguimento de novas de prensa, consulta bibliográfica. Por exemplo: investiga-los efectos a curto e longo prazo dos abusos do alcohol para o organismo humano nos aparellos respiratorio, dixestivo e circulatorio.
- Remuíño de ideas: expresar cunha soa palabra tódalas cousas suxeridas polos vocablos "alcohol" ou "tabaco".
- Escenificación, danza e expresión corporal.
- Redacción e realización de comics: escribir unha pequena historieta sobre os efectos ocasionados polo tabaco ou o alcohol no organismo. Tamén, escribir un breve conto sobre a mesma temática dando pautas orientadoras -título, primeira liña do conto, final, un debuxo, etc.-ou non.
- Realización e exposición de murais.
- Proxección de vídeos, películas.
- Traballo con cancións.
- Prácticas de laboratorio (máquina de fumar).
- Tabaco, alcohol e práctica deportiva.

D) Proceso de avaliación

Pensamos que a avaliación é un aspecto que debe estar incidindo continuamente no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Avaliar é ante todo reflexionar sobre o que está sucedendo; de aquí o seu efecto retroalimentador.

Tendo en conta estos presupostos, avaliamos distintos aspectos; entre eles:

- As actividades propostas: a súa claridade, dificultade, grao de satisfacción dos alumnos, eficacia para a aprendizaxe, etc.,
- Os materiais aportados: fundamentalmente a facilidade de comprensión e o tipo de axuda que prestan.
- O papel do profesorado como animador, axente de axuda e promotor de ambientes saudables.
- As actuacións dos alumnos individualmente: a súa responsabilidade na tarefa, paciencia, capacidade para recoñecer erros, etc.,
- O traballo en grupo: a colaboración, a flexibilidade e a eficacia na distribución das tarefas.
- As repercusións do traballo no centro: os cambios de hábitos nas persoas e os cambios xerais producidos no centro.
- A incidencia na comunidade: a influencia nas familias (e secundariamente noutras institucións).

Todos estes items foron avaliados a través de cuestionarios (un para o profesorado e outro para o alumnado) confeccionados especificamente polos membros do seminario. Ademais, en múltiples ocasións tivemos que recurrir a outras técnicas moito máis utilizadas e coñecidas: a observación directa, a autoavaliación (tanto do alumnado como do profesorado) e o anecdotario.

RESULTADOS

De todo o traballo realizado polo seminario extraemo-las seguintes conclusións:

- a) Cremos que *a escola é o pilar básico para integra-la Educación para a Saúde e, consecuentemente, para realizar labores preventivos*. Nin que dicir ten que as institucións escolares acollen á totalidade da poboación como mínimo durante os anos que dura o ensino obrigatorio e, polo tanto, ós nenos e ás nenas nas primeiras etapas da súa vida (que é cando se está formando a súa personalidade e aínda non teñen adquiridos hábitos insáns).
- b) Atendendo ós resultados obtidos na investigación, constatamos que *existe unha falta de preparación específica no profesorado de Educación Secundaria Obligatoria (primeiro ciclo) en Educación para a Saúde; e concretamente, no campo da prevención de alcoholismo e tabaquismo*, a pesar de ser considerado un dos núcleos temáticos prioritarios nesta etapa educativa. Esta carencia trata de suprirse mediante a organización de cursos de

- formación do profesorado en prevención de drogodependencias por distintas institucións (CEFOCOPs, Concellos, Universidades, ICEs.).
- c) A prevención do consumo de drogas legais (tabaco e alcohol) debe estar integrada no marco da Educación para a Saúde e transversalizada en tódolos contidos curriculares habituais. Asimesmo, necesita incluírse nos Proxectos Educativos e Proxectos Curriculares de Centro.
 - d) Resulta preocupante comproba-lo *incremento experimentado no consumo de tabaco e de alcohol en escolares do primeiro ciclo de Educación Secundaria Obrigatoria*, tal como constatamos a través dos resultados das enquisas elaboradas por nós mesmos entre o alumnado obxecto da investigación e das informacións recollidas nos distintos medios de comunicación.
 - e) A práctica totalidade dos alumnos e alumnas participantes na investigación amosaban *unha maior conciencia no tocante os perigos derivados do consumo de tabaco, pero non sucedía así cando se trataba do alcohol*; droga considerada como dañina tan só cando é consumida en grandes cantidades.
 - f) A través das actividades realizadas *o alumnado non só adquiriu hábitos saudables (mellor emprego do tempo libre, maior frecuencia na práctica de actividades deportivas...) e unha actitude autocrítica sobre o consumo do tabaco e do alcohol, senón que se potenciou a súa autoestima (aspecto fundamental nestas idades adolescentes) e se reforzaron os mecanismos de resposta ante a presión do grupo de "iguais"*.
 - g) Finalmente, desexamos que o traballo realizado polos membros do seminario sirva como material de apoio ós profesionais que traballan neste campo no primeiro ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria.

REFERENCIAS BIBLIOGRAFICAS

- AA.VV. (1994):** *Drogas y escuela*. Donostia, Gobierno Vasco/Diputación Foral de Gipuzkoa.
- AA.VV. (1994):** *Materiais didácticos para a prevención do uso indebido das drogas*. Santiago, Xunta de Galicia.
- ARBEX, C. y Otros (1995):** Materiales de formación en prevención de drogodependencias. Contenidos generales. Madrid, MEC.
- GARCIA RODRIGUEZ, J.A. y J. RUIZ FERNANDEZ (Comp.) (1993):** *Tratado sobre prevención de drogodependencias*. Bilbao, Edex Kolektiboa/FAD/Gobierno Vasco.
- HAZKUNDE (1995):** *Prevención de drogodependencias. Entre nós... pais e nais*. Consellería de Sanidade e Servicos Sociais da Bilbao, Xunta de Galicia/Hazkunde
- LOPEZ SANTOS, V. (1995):** *Hacia una escuela saludable*. Sevilla, Junta de Andalucía.
- MACIA ANTON, D. (1995):** *Las drogas: conocer y educar para prevenir*. Madrid, Pirámide
- ROSALES, C. y otros (1996):** "Temas transversales: revolución innovadora en la enseñanza", *Actas del I Congreso de Innovación Educativa*, Santiago de Compostela.
- VEGA FUENTE, A. (1995):** *La acción social ante las drogas. Propuestas de intervención socioeducativa*. Madrid, Narcea.
- XUNTA DE GALICIA (1992):** *IIº Estudio epidemiolóxico do consumo de drogas en Galicia. Plan Autonómico sobre Drogodependencias*. Santiago de Compostela, Consellería de Sanidade e Servicos Sociais/Xunta de Galicia.

XUNTA DE GALICIA (1994): *Programa de prevención do consumo de drogas na escola.* Santiago de Compostela, Consellería de Sanidade e Servizos Sociais/Xunta de Galicia.

XUNTA DE GALICIA (1995): *A experiencia de educar para a saúde na escola.* Santiago de Compostela, Consellería de Sanidade e Servizos Sociais/Xunta de Galicia.

ANEXO-1

PREVENCIÓN DE ALCOHOLISMO E TABAQUISMO EN ESCOLARES GALEGOS

1. Centro escolar:

2. Localidade:

3. Sexo: Varón Muller

4. Profesión do pai:

5. Profesión da nai:

6. ¿Consumiches algunha vez estas sustancias?:

TABACO.....
ALCOHOL.....

<i>Nunca</i>	<i>Algunha vez</i>	<i>Varias veces</i>	<i>Tódolos días</i>

No caso de consumir alcohol especifica que bebida ou bebidas alcohólicas:

Viño Sidra Cervexa Licores

7. ¿As consume o teu pai?

TABACO.....
ALCOHOL.....

<i>Nunca</i>	<i>Algunha vez</i>	<i>Varias veces</i>	<i>Tódolos días</i>

No caso de consumir alcohol especifica que bebida ou bebidas alcohólicas:

Viño Sidra Cervexa Licores

8. ¿As consume a túa nai?

TABACO.....
ALCOHOL.....

<i>Nunca</i>	<i>Algunha vez</i>	<i>Varias veces</i>	<i>Tódolos días</i>

No caso de consumir alcohol especifica que bebida ou bebidas alcohólicas:

Viño Sidra Cervexa Licores

9. ¿As consumen os teus amigos?:

TABACO.....

ALCOHOL.....

<i>Nunca</i>	<i>Algunha vez</i>	<i>Varias veces</i>	<i>Tódolos días</i>

No caso de consumir alcohol especifica que bebida ou bebidas alcohólicas:

Viño

Sidra

Cervexa

Licores

10. ¿Embriagácheste algunha vez?:

Sí Non

11. ¿Cres que fumar é perxudicial para a saúde?:

Non

Só cando se fuma moito

Sí, en tódalas ocasións

12. ¿Cres que o alcohol é perxudicial para a saúde?:

Sí

Só cando se bebe moito

Sí, en tódalas ocasións

MOITAS GRACIAS POLA TUA COLABORACION

ANEXO-2

CUESTIONARIO DE AVALIACION

A) PROFESORES

- Valora os seguintes aspectos sobre o traballo desenvolvido sobre a prevención do alcoholismo e tabaquismo, sinalando **alto**, **baixo** ou **medio** segundo a túa opinión:
- Repercusión do traballo no centro.
- Grao de aceptación da experiencia polos/as compañeiros/as.
- Nivel de satisfacción do profesorado participante.
- Acolida do traballo polo alumnado.
- Responsabilidades do alumnado no desenvolvemento do traballo.
- Cambio de actitudes observado nos alumnos.
- Grao de cumprimento dos obxectivos.
- Adecuación dos obxectivos ó nivel de do alumnado.
- Claridade das actividades.
- Dificultades encontradas nas actividades.
- Eficacia para a aprendizaxe.
- Comprensividade dos materiais empregados.
- Adecuación e utilidade dos materiais.
- Repercusións na comunidade escolar.
- Grao de participación das familias.
- Implicacións dos profesionais sociosanitarios

B) ALUMNOS

Resposta **pouco**, **bastante** ou **moito** á seguinte cuestión:

- As actividades de prevención de alcoholismo e tabaquismo contribuíron a:
 - a) Aclarar os meus conceptos
 - b) Cambiar a miña actitude con respecto ó consumo destas sustancias.
 - c) Identificar problemas de saúde
- Avalúa como **ineficaces**, **eficaces** ou **moi eficaces** os seguintes aspectos:
 - a) As explicacións do profesorado.
 - b) O traballo en grupo.
 - c) O papel do profesorado como axuda e animación.
 - d) Os materiais aportados.
 - e) As actividades propostas.